

CONVOCATORIA 2026 DE AXUDAS PARA A PUBLICACIÓN DE ARTIGOS EN ACCESO ABERTO EN REVISTAS Q1

O Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), a través da Fundación Pública Galega Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago (FIDIS), comprometido coa necesidade de impulsar a difusión dos resultados da investigación no contexto actual da sociedade da información, tal e como recolle a súa [Política de Open Science](#), convoca axudas destinadas a sufragar os costes de publicación de artigos científicos en acceso aberto para o persoal do IDIS, co obxectivo de fomentar o depósito de artigos en repositorios abertos e a divulgación dos resultados de investigación á sociedade.

As presentes bases, o formulario de solicitude e toda a información relacionada con esta convocatoria estarán dispoñibles na páxina web do IDIS (<https://www.idisantiago.es/gl/convocatoria/convocatoria-2026-ayuda-publicacion-articulos-acceso-abierto/>)

1. OBXECTO.

A presente convocatoria ten por obxecto financiar os gastos derivados da publicación de artigos científicos en acceso aberto e co fin de fomentar o depósito das publicacións en repositorios abertos e promover a difusión dos resultados da investigación.

Para tal fin destinase un importe total de 30.000 euros, que se empregará para sufragar os custos de publicación de artigos científicos aceptados en revistas indexadas no primeiro cuartil do *Journal Citation Reports* (JCR) e publicados en acceso aberto.

2. BENEFICIARIOS.

Poderán ser beneficiarios destas axudas os membros dos grupos de investigación do IDIS, así como os grupos do HULA que xestionen a súa actividade investigadora a través da FIDIS, que teñan aceptado para publicación un artigo científico en acceso aberto nunha revista indexada no último JCR dispoñible e situada no primeiro cuartil (Q1) da súa correspondente área de coñecemento.

3. REQUISITOS.

As publicacións candidatas a recibir a axuda deberán cumprir os seguintes requisitos:

- **Autoría e filiación:** Polo menos un/unha dos autores/as de preferencia do artigo (primeiro/a, último/a ou autor/a de correspondencia) debe ser membro dun grupo do IDIS ou do HULA, que deberá indicarse na filiación do artigo apropiadamente.

- **Grupos destinatarios:** a convocatoria está dirixida a grupos emerxentes e grupos asociados clínicos do IDIS, así como aos grupos do HULA que xestionen a súa actividade investigadora a través da FIDIS.
- **Xestión económica:** a persoa solicitante e o grupo de investigación ao que pertenza deberán xestionar fondos a través da FIDIS.
- **Tipo de publicación:** as axudas están destinadas exclusivamente a artigos **orixinais e revisións**. Quedan excluídos outros tipos de publicacións, tales como capítulos de libro, case reports, editoriais, letters ou similares. A revista na que o artigo sexa aceptado deberá estar indexada no último JCR dispoñible e situada no primeiro cuartil (Q1) da súa categoría.
- **Compatibilidade co financiamento:** Non poderán solicitarse estas axudas para cubrir gastos de publicación en acceso aberto cando estes poidan imputarse a algunha subvención que inclúan unha partida específica ou unha
- **Número de solicitudes:** Cada autor/a só poderá figurar nun único artigo financiado no marco desta convocatoria como autor/a preferente (primeiro/a autor/a, último/a autor/a ou autor/a de correspondencia). En consecuencia, non se financiará o acceso aberto a un artigo no que un/ha dos/as seus autores/as preferentes coincida con outro xa financiado.
- **Data de aceptación:** Os artigos deberán estar aceptados para a súa publicación no ano 2026.

4. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As persoas interesadas deberán presentar en formato electrónico a documentación que se detalla a continuación, no formulario habilitado na páxina web do IDIS: <https://www.idisantiago.es/gl/convocatoria/convocatoria-2026-ayuda-publicacion-articulos-acceso-abierto/>

- Formulario de solicitude asinado de forma electrónica.
- Xustificante de aceptación do artigo (carta, correo electrónico,...).
- Copia do artigo, no que poida verificarse a orde de autoría e sinatura, así como a filiación.

Poderá requirirse documentación adicional que se considere necesaria para tramitar a axuda.

O prazo de solicitude permanecerá aberto ata o 15 de decembro de 2026, ou ata esgotar orzamento. Calquera cuestión relacionada con esta convocatoria pode dirixirse a axudas@idisantiago.es

5. AVALIACIÓN E SELECCIÓN.

Unha vez recibida a solicitude, comprobarase o cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria, así como a documentación achegada. No caso de que a solicitude cumpra cos requisitos esixidos, será trasladada á Dirección Científica do IDIS e á Dirección da FIDIS para o seu visto e prace.

Unha vez obtida a conformidade, comunicarase á persoa solicitante a concesión da axuda. Do mesmo xeito, comunicarase ás persoas interesadas a non aceptación das solicitudes que non cumpran cos requisitos establecidos.

As axudas concederanse por estrita **orde de recepción das solicitudes**, unha vez verificado o cumprimento dos requisitos, ata o esgotamento do crédito orzamentario destinado a esta convocatoria.

6. DIFUSIÓN

Coa finalidade de contribuír ao fomento da Ciencia Aberta e á divulgación e comunicación social da ciencia, as persoas beneficiarias destas axudas comprométense ao seguinte:

6.1. Enviar, no prazo dun mes dende a concesión da axuda, un resumo do artigo en linguaxe sinxelo, que se utilizará con fins divulgativos.

6.2. Depositar o artigo no Repositorio institucional RUNA tan pronto sexa publicado. Poderán facelo directamente desde <https://runa.sergas.gal/xmlui/>

No relativo á publicación das axudas concedidas, unha vez finalizado o prazo de solicitude, publicarase na páxina web do IDIS a listaxe de artigos financiados.

Santiago de Compostela, marzo de 2026.

María Luz Couce Pico

Directora Científica IDIS

Isabel Lista García

Directora FIDIS